

Rosa Luxemburgo

● Quen foi? Introducción

Rosa Luxemburgo naceu en 1871 en Polonia e, malia as barreiras da súa época por ser muller e xudía, converteuse na líder máis audaz do marxismo europeo. Tras doutorarse en Filosofía e Economía en Suíza, trasladouse a Alemaña para militar no **SPD (Partido Socialdemócrata de Alemaña)**, o partido de esquerda máis grande do mundo. Alí protagonizou debates históricos contra **Eduard Bernstein**, quen defendía que o socialismo podía acadarse con pequenas reformas parlamentarias; fronte a el, Rosa mantiña que sen unha revolución real, o sistema nunca cambiaría de verdade.



As fendas co SPD fixéronse definitivas cando o partido apoiou a Primeira Guerra Mundial, o que levou a Rosa a pasar anos en prisión polo seu activismo antibelicista. Na súa loita por un socialismo auténtico, fundou xunto a **Karl Liebknecht** a **Liga Espartaquista**, defendendo que unha revolución só era válida se respectaba a democracia, para ela "a liberdade é sempre a liberdade de quen pensa diferente". Finalmente, en xaneiro de 1919 e tras unha insurrección en Berlín, ambos foron capturados e asasinados por forzas paramilitares.

● Cal é a súa mellor obra?

Aínda que Rosa Luxemburgo escribiu centos de artigos, a súa obra máis influente e a que mellor resume o seu pensamento é ***Reforma o Revolución?*** (1900) Nesta obra Rosa Luxemburgo sostén que as reformas dentro do sistema capitalista, aínda que poden mellorar temporalmente as condicións da clase traballadora, non son suficientes para transformar a estrutura de explotación; por iso critica o reformismo de Eduard Bernstein e defende que só unha revolución socialista pode acadar un cambio real e duradeiro, xa que o capitalismo non evoluciona de maneira gradual cara ao socialismo senón que require unha ruptura radical impulsada pola acción consciente das masas.

Outras obras importantes son ***La Acumulación del capital* (1913), *La revolución rusa* (1918), e *Introducción a la Economía Política* (1925).**

● Por qué é importante para a filosofía?

A influencia de Rosa Luxemburgo na filosofía política radica na súa defensa da liberdade e da democracia dentro do proceso revolucionario. Sostivo que o cambio social debe xurdir da participación activa e espontánea das masas. Así mesmo, matizou interpretacións deterministas do pensamento de Karl Marx, destacando que a historia non está pechada e que a acción consciente das persoas ten un papel decisivo. Finalmente, a súa análise do capitalismo a

Ideado e realizado por Martín Valle e Martín Gesto

escala global proporcionou ferramentas clave para as teorías contemporáneas sobre o imperialismo e a desigualdade económica.